



CONCELLO DE
SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI29N	<i>Expediente</i> CON/40/2015	<i>Fecha</i> 24-11-15 08:34

Sello o Certificación Mecánica

Número 13 .- Subministro de consumibles de impresión para o Concello de Santiago de Compostela.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de novembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

13 .- SUBMINISTRO DE CONSUMIBLES DE IMPRESIÓN PARA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do Sr. Alcalde, de data 30 de outubro de 2015, así como do informe de Intervención nº 794/2015 da técnico de Intervención, de 17-11-2015, conformado pola Interventora municipal coa mesma data.

Na devandita proposta indícase o seguinte:

"Martíño Noriega Sánchez, Alcalde, e finalizadas as reunións da mesa de contratación da licitación "Subministro de consumibles de impresión para o Concello de Santiago de Compostela", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias asumidas por decreto desta Alcaldía do 16/06/2015

EXPÓN:

1

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI29N	<i>Expediente</i> CON/40/2015	<i>Fecha</i> 24-11-15 08:34

Primeiro: Con data 15 de outubro pasado celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ARENAS RAMIREZ, FRANCISCO.

Segundo: Con data 29 de outubro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta alcaldía procede a realizar a seguinte:

PROPSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas OFFICE DEPOT e DISCOUNT INFORMÁTICA xa que éstas superan os prezos unitarios máximos establecidos no Anexo IV do prego de aplicación.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor de **ARENAS RAMIREZ, FRANCISCO (ADINFO)**, por un importe de **14.124,98 euros/ano** (IVE aparte 21%: 2.966,25 euros/ano), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato o xefe de servicio de informática D. Jesús Rodríguez Castro.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **080 92001 22002**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 2.200,00 euros.
Anualidade 2016: 17.091,23 euros.
Anualidade 2017: 14.891,23 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas OFFICE DEPOT e DISCOUNT INFORMÁTICA xa que éstas superan os prezos unitarios máximos establecidos no Anexo IV do prego de aplicación.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI29N	<i>Expediente</i> CON/40/2015	<i>Fecha</i> 24-11-15 08:34

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor de **ARENAS RAMIREZ, FRANCISCO (ADINFO)**, por un importe de **14.124,98 euros/ano** (IVE aparte 21%: 2.966,25 euros/ano), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como responsable do contrato o xefe de servizo de informática D. Jesús Rodríguez Castro.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **080 92001 22002**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 2.200,00 euros.
Anualidade 2016: 17.091,23 euros.
Anualidade 2017: 14.891,23 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández



